A ACTUALIDADE DO MOTOR Santiago de Compostela – [NOVEMBRO06] Nº 117 - ANO XI

Novo Opel Corsa C´MON!

>> Páxs. 9

Ducati Desmosedici RR
Gústanche as carreiras?

>> Páxs. 8

Novas >> Páxs. 4, 5, 6 e 7
Competición >> Páxs. 10 e 11
Fórmula 1 >> Páx. 13
Técnica >> Páx. 14

O 061 asistiu a 122 persoas por 91 accidentes de circulación durante a última fin de semana

Sprint Motor
REDACIÓN

Dende ás 15.00 horas do venres 17 de novembro ás 00.00 horas do domingo 19 de novembro a central de coordinación de Urxencias Sanitarias recibiu 123 chamadas por accidentes de tráfico

Urxencias Sanitarias de Galicia-061 asistiu na pasada fin de semana a 122 persoas debido a 91 accidentes de tráfico nas estradas galegas. O período contabilizado comprende dende as 15.00 horas do venres, 17 de novembro, ata as 00.00 horas do domingo, 19 de novembro. O maior número de atencións por sinistros rexistrouse o sábado con 36 incidentes.

A Central de Coordinación do 061, que xestiona e coordina os servizos prehospitalarios en casos de urxencia e emerxencia dentro do ámbito da comunidade galega, recibiu nestes días 123 chamadas en relación cos accidentes de tráfico. Estas alertas xeraron 91 asistencias sanitarias por parte do persoal do 061 que atenderon a un total de 122 persoas, das que dúas faleceron no lugar do sinistro.

A proporción de homes atendida foi do 73 por cento e a de mulleres do 27 por cento.

Provincia	Accidentes
A Coruña	24
Lugo	12
Ourense	12
Pontevedra	43
Galicia	91

Nas idades dos feridos se observa que un 36 por cento dos atendidos ten entre os 20 e os 29 anos.

Nas 91 asistencias por accidentes de tráfico que se realizaron neste período, atendéronse a 122 persoas. En relación ao sexo das vítimas, a proporción de homes atendida foi do 73 por cento e a de mulleres do 27 por cento. Nas idades dos feridos se observa que un 36 por cento dos atendidos ten entre os 20 e os 29 anos.

Pontevedra co 47 por cento dos sinistros rexistrados en toda Galicia, foi a provincia que contabilizou máis incidentes durante os desprazamentos desta fin de semana.

Os recursos sanitarios mobilizados polos médicos que atenderon as chamadas na Central de Coordinación do 061 foron 124. Así, a UVI móbil mobilizouse en 11 casos, as ambulancias asistenciais mobilizáronse en 93 ocasións; as concertadas en sete casos e os médicos de Atención Primaria que medicalizan as ambulancias asistenciais do 061, no caso de necesitalo, prestaron asistencia sanitaria en 13 sinistros.

En 97 casos os traslados realizáronse aos centros hospitalarios correspondentes e en oito ocasións ao centro de saúde ou Punto de Atención Continuada de Atención Primaria. Os 15 lesionados restantes foron atendidos no propio lugar do incidente e dúas persoas faleceron no lugar do sinistro.

HIJOS DE C.V. OTERO, S.A.
Tel: 981 56 17 40 - 981 56 20 01
Fax: 981 58 80 70
Gómez Ulla, 16
SANTIAGO

Nuevo modelo
Piaggio M500, sin carnet.
DISTRIBUIDOR OFICIAL
PIAGGIO

Talleres BASTON
MECÁNICA EN GENERAL
Rúa Salvador, nº 23 -
Tfnos: 981 570 182 / 981 585 627
SERVICIO DE GRÚA PERMANENTE
Tfnos: 981 521 719 - 981 531 498
Especialista en ABS e Inyección
Vehículos 4x4 y accesorios especiales
Preparación vehículos de competición y accesorios racing

La maquinaria más avanzada en equilibrado de discos de freno
Servicio Oficial: FONOS y LUCAS

A importancia do casco e da educación dos máis novos

Todos sabemos que o uso do casco salva vidas e protexe a cabeza de lesións. Así e todo, son moitos os motoristas que ou o utilizan esporadicamente ou, o que é peor, nunca. Parece incrible que haxa xente que xogue co seu físico dunha forma tan imprudente, non por descoñecemento, senón por insensatez.

O casco é un elemento que ten que ir estreitamente ligado a calquera condutor que guíe un vehículo de dúas rodas. Dende a autoescola habería que inculcar con máis forza esta premisa: "En moto sempre co casco na cabeza". Ós pilotos normalmente máis novos, os dos ciclomotores, teñen que conciencialos as distintas institucións de que, ademais de obteren a licenza para circular cun ciclomotor, deben ser conscientes da necesidade de leva-lo casco posto sempre. Ten que se converter nun acto reflexo o de poñer este elemento de seguridade nada máis pensar en colle-la moto; é imprescindible este pensamento nun auténtico moteiro. De feito, o que é un amante deste medio de transporte e ó que lle gusta gozar da súa condución utiliza sempre este obxecto protector da parte máis vulnerable do noso corpo. O que é un usuario temporal das dúas rodas utilizará ou non o casco dependendo da súa madurez mental.

Se o propio piloto prescinde deste elemento, ¿que fará o "paquete"? Pois o máis probable é que tampouco protexa a cabeza. Dobre desastre. Peores consecuencias ante unha caída ou un golpe.

Unha vez máis, apuntamos a pouca prevención por parte dos axentes da autoridade neste apartado da seguridade viaria, pois seguimos vendo circular polas nosas estradas e vías públicas moitos motoristas sen o casco. Se queren ver un dos maiores e peores exemplos deste tema, só teñen que achegarse a un instituto de secundaria e ve-la saída dos estudantes. Observarán un montón deles sobre dúas rodas e sen o casco na cabeza. Os chamados "quitamultas" tamén os consideramos como nulos. Algo falla na educación viaria da nosa xuventude. Empezar polos usuarios máis novos, como son os dos ciclomotores, sería importante. Inculcarlles a importancia da utilización do casco pode ser un primeiro paso.

Sprint MOTOR

Editor: Arrincamos, S.L.
Director: Xurxo Sobrino Morán
Redactores e Colaboradores:
Miguel Cumbraos, Ramón Novo, Xan M. Pérez, Sevi Martínez, César Raña, Edu Lavandeira, Félix Doce, Fernando Cuadrado, Xabier Vilariño, Ray Mosquera e Rodrigo Medina.

Deseño e maquetación: *AURADISEÑO*
auradiseno@wanadoo.es
SPRINT MOTOR: Urb. San Sadurniño • Rúa B, nº 21
Tfno. e Fax 981 801 458 •
redaccion@sprintmotor.com
www.sprintmotor.com
IMPRIME: Gráficas La Capital
Depósito Legal: C–138/97

NEUMATICOS PERNAS
FIRSTSTOP
VENDA • REPARACIÓN
• MONTAXE E EQUILIBRADO • ALIÑADO ELECTRÓNICO • LAMIAS DE ALIAXE LIXEIRA
NEUMÁTICOS PERNAS: Milladoiro. Tel.: 981 53 62 55 - SANTIAGO DE COMPOSTELA
NEUMÁTICOS PONTEVEA: Pontevea – Teo (A Coruña). Tel.: 981 80 90 49 - Fax: 981 80 91 78

Gran variedad en Desayunos y Platos Combinados
Cafetería
LeHbranza
Montero Ríos, 39 • SANTIAGO
Teléfono 981 593 636

¡Tenemos el bocadillo que más te gusta!
O REI DO BOCADILLO CERVECERIA
Bocadillos
Sandwichs
Hamburguesas
y Pollos Asados
Rosalía de Castro, 23 - Esq. Montero Ríos
Teléfono 981 590 538

O Concept Neeza

Volkswagen Shangai (SVW) presentou unha novidade mundial no Salón de Pekín: o Concept Neeza. É un modelo seguro, de tamaño medio –conceptualmente unha mestura entre un cupé e un coche familiar- que adopta a apariencia dos coches deportivos e os de uso "off-road". Así e todo, este VW deseñado en China para China impresiona pola súa idoneidade para o uso cotián grazas ó seu carácter práctico. En definitiva, o Neeza reúne o "know how" Chino e Alemán neste representante dunha nova xeración de Volkswagen Shanghai. Serán vehículos deseñados de acordo coa cultura, os gustos individuais e os desexos dos clientes chineses.

BREVES

General Motors fixouse como obxectivo alcanzar unha cota de penetración do 10% no mercado asiático no ano 2010. O primeiro fabricante do mundo prevé comercializar este ano 1,3 millóns de vehículos na rexión Asia-Pacífico, o que lle conferirá unha cota de mercado do 6,5%. Dúas terceiras partes das matriculacións corresponderán a China.

A Asociación China de Consumidores recibiu 1.038 queixas nos nove primeiros meses deste ano, un 21% máis que no anterior, relacionadas principalmente con fallos nos pneumáticos, os freos, o aire acondicionado, os cerres ou o volante. O 77% dos coches fabricados neste país presentaron defectos nos seis primeiros meses de uso.

Os sindicatos de Seat pediron á dirección de Audi que aposte por abrir novos mercados para a marca española en China, India, Rusia e algúns países de Sudamérica. Respecto ó mercado chinés, agardan que o novo presidente de Seat, Eric Schmitt, sexa de grande axuda polo seu coñecemento do xigante asiático.

Fiat Novo Scudo

Para responder ás necesidades europeas máis modernas no transporte de mercadorías urbano e interurbano, a marca Fiat presentou recentemente o Novo Scudo que se empezará a comercializar a partir do vindeiro mes de xaneiro.

Este modelo naceu no ámbito de cooperación industrial entre Fiat e PSA. Con respecto ó modelo anterior, o Novo Scudo ofrece un maior volume e capacidade de carga: de feito, o espazo interior oscila entre os 5 e os 7 metros cúbicos, mentres que a capacidade de carga varía de 1.000 a 1.200 quilos. Ademais, o Novo Scudo pode presumir dunha altura exterior (inferior a 1,90 metros con suspensións pneumáticas) que permite entrar nos aparcamentos públicos de varias plantas, e unha altura do umbral de carga de só 49 cm que facilita tódalas operacións de carga e descarga.

APV MOTOR S.A • Av. Rosalía Castro s/n • Milladoiro • Tfno: 981 534 057 • 15895 SANTIAGO DE COMPOSTELA www.apv.es

O Saab Aero X recolle o testemuño do Opel Antara GTC

O Saab Aero X Concept foi premiado pola pioneira revista especializada británica como "Coche de Concepto do Ano". Este é o segundo ano que o equipo de deseño de General Motors Europe recolle este premio de Autocar. O pasado ano, o Opel Antara GTC foi o gañador.

O Saab Aero X é unha clara definición do compromiso da marca de utilizar combustibles ecolóxicos. Para asegurar que o Aero X ofrece as prestacións que realmente aparenta, está propulsado por un motor V6 BioPower turboalimentado de 400 CV que pode funcionar con bioetanol puro E100. Da mesma forma que o seu estilo, o grupo propulsor dá unha pista sobre a dirección que tomará Saab no futuro.



O equipo BersusFilterqueen no Vidago Palace

Nun marco incomparable como é o Vidago Palace, Chaves (Portugal), tivo lugar a reunión do grupo "Filtraarte" coa presentación estelar do equipo de competición "BersusFilterqueen" diante do gran grupo humano formado por "Filtraarte".

Esta nova iniciativa tivo moi boa acollida por parte dos membros do grupo "Filtraarte" demostrando moito entusiasmo á hora de sortea-los 6 premios, que consistían en dar unhas voltas en circuito pechado. Unha estupenda ocasión para sentir intensamente as sensacións dun vehículo de carreiras nun circuito de competición.

A fin de semana foi unha festa por todo o alto animada por amigos e afeccionados ó mundo do motor.

Compostela Monumental sorteará un automóbil e 200 cestas de Nadal

A Asociación de Empresarios e Profesionais Centro Comercial Aberto Compostela Monumental xa ten practicamente pechada a súa Campaña de Nadal que comezará o vindeiro día 4 de decembro.

Nesta oportunidade, e despois do éxito acadado o ano pasado, cada establecemento asociado sorteará entre os seus clientes unha "CESTA DE NADAL", un total de 200, e un fantástico automóbil. "O pasado ano pasado batímo-la marca galega no número de boletos participantes nunha promoción comercial con máis de 300.000. Este ano queremos como mínimo repetir experiencia e dar un pequeno saltiño co sorteo das cestas, que por certo, gostaron moito ós nosos asociados e clientes, por iso decidimos sortear unha por establecemento asociado neste exercicio" manifestaba José Manuel Bello Rey, Presidente de Compostela Monumental.

Puntualmente acudirá á cita deste Nadal o "Escaparate Monumental", que como vén sendo tradición estará 20 días ubicado na Praza de Cervantes e 20 na do Toural. Ademais destes premios, que pretenden fidelizar ós clientes coa zona, o CCA do casco vello desenvolverá varias "Actividades de Rúa" (Carteiro Real, Papa Noé, Hinchables e outras sorpresas).

AD Grupo Regueira

C/ VIA EDISON, 54 - POL. DEL TAMBRE
15890 SANTIAGO (A CORUÑA)
Telf.: 981 578 066 - Fax: 981 563 090

www.adgruporegueira.es
comercial@regueira.com

ad

O Lancer súmase ó "Proxecto Global"

Coñecido como "Proxecto Global" e estreado con notable éxito na segunda xeración do Outlander, será exhibido de novo durante o Salón do Automóbil de Detroit baixo a forma da súa segunda variante: o novo Lancer Sport Sedán de 4 portas.

Deseñado nos estudios de Mistubishi Motors en Europa e Xapón, o Lancer Sport Sedán comparte a mesma linguaxe de deseño que os Concept-X e Concept Sportback de Mistubishi Design Europe.

Este proxecto permitirá tamén a introdución dunha nova familia de propulsores denominado "Motor Mundial", desenvolvido conxuntamente con Daimler Chrysler e Hyundai Motor Company, aínda que os motores que serán utilizados por Mitsubishi Motors serán modificados para cada mercado e para cada tipo de modelo.

BREVES

• **Mercedes** engadiu unha cuarta versión á gamma da súa marca de luxo Maybach co modelo 62 S, equipado cun motor que desenvolve unha potencia máxima de 612 cabalos. Este 12 cilindros, desenvolvido por Mercedes-AMG, acelera de cero a 100 km/h en 5,2 segundos.

• **O fabricante de coches de luxo Bristol Cars** construirá o vehículo de produción de serie máis potente do mundo, o Fighter T, que con 1.012 cabalos poderá alcanzar unha velocidade de 434,5 km/h. Este ano só fabricará 20 automóbiles deste tipo cun prezo aproximado duns 525.000 euros.

• **O Comisariado Europeo do Automóbil (CEA)** afirma que a Administración está obrigada a indemnizar ós automobilistas polos danos sufridos debido ó mal estado da calzada. O condutor afectado deberá face-la reclamación ante o órgano competente da Administración antes do prazo dun ano dende que se produce o feito.

• **Un total de 300 profesionais** de catro comunidades autónomas traballan no proxecto de investigación sobre aceiro de alta resistencia "Forma 0", que lideran Seat e CTM (Centro Tecnolóxico de Manresa). O obxectivo é conseguir atopar, no período de 4 anos, novos procesos para traballar aceiros de alta resistencia que no sector da automoción, suporía poder fabricar coches máis lixeiros, seguros e que consuman menos.

Os VW en situacións extremas

Volkswagen acaba de inaugurar un centro de probas de temperaturas extremas na súa planta de Wolfsburg. O novo centro, que costou preto de 30 millóns de euros, está deseñado para realizar probas intensivas baixo unha ampla variedade de condicións climáticas, con temperaturas que van dende os -40º ós +150º Celsius. Incluso pode simula-la radiación directa do sol, humidade de ata o 95%, unha altitude de ata 3.000 metros e rachas de vento.

Este centro permitirá a VW axiliza-lo proceso de creación de produtos, cun aforro considerable en tempo e cartos.

Paletas para o Modus

Renault puxo a disposición do mercado nacional unha variante moi interesante do Modus, equipada con caixa de velocidades robotizada e mando por paletas no volante. Experiencia directa da Fórmula Un, o mando por paletas no volante supón un plus de seguridade e confort para o usuario, que pode desta maneira subir ou baixar de marchas sen quita-las mans do volante, nin a vista da estrada. Para iso conta con dúas paletas situadas por detrás e a ambos lados do volante. A da dereita serve para subir de velocidades en tanto que a da esquerda, sirve para reducir marchas.

As novas caixa de velocidades que incorporan este mando de paletas, que dispón dun dobre funcionamento (automática ou robotizada), ofrecen unha indicación moi lexible no cadro de instrumentos, da velocidade engranada.

Fiat Bravo.

¡Bravo Fiat!

O vindeiro 29 de xaneiro, en Roma, presentarase á prensa internacional o novo Fiat Bravo, que se poñerá á venda as semanas seguintes en toda Europa.

O Bravo combina unha liña exterior compacta de "5 portas" cunha habitabilidade interior: 434 centímetros de lonxitude, 179 cm de ancho, 149 de alto, unha batalla de 2,60 metros e unha capacidade de carga de 400 litros o que o sitúan no cume do segmento.

Xunto cos coñecidos motores turbodiésel Multijet (1.9 de 120 e 150 CV) e o 1.4 de 90 cabalos, debutará unha nova familia de propulsores de gasolina sobrealimentados T-JET (1.4 Turbo de 120 e 150 CV).

Outro éxito do Alfa Brera

O Alfa Romeo Brera obtivo o galardón "Coche Europeo do Ano 2007" en Xapón. O premio foi concedido polo xurado, composto por 21 membros do "Japan Automotive Hall of Fame", no que se atopaban representantes do mundo académico, industrial, cultural, político e xornalístico do país asiático.

Trala concesión deste recoñecemento, o xurado destacou que o Alfa Brera "reúne nun mesmo automóbil un estilo único e exclusivo cos conceptos de deportividade e elegancia italianas".

SEAT tamén pon levas no volante

Seat xa dispón nos seus puntos de venda do novo León FR 2.0 TFSI con cambio automático DSG. Como particularidade, dito cambio incorpora por vez primeira nun modelo Seat levas no volante. No caso de querer cambiar manualmente de velocidade, aporta un grao máis de deportividade e confort, ademais de seguridade, ó non ter que solta-las mandos do volante para inserta-las marchas. Inspirado na competición, este mesmo sistema é o que montan por exemplo os Seat León que participan na Supercopa.

Coa chegada do cambio DSG ó 2.0 TFSI, a gamma do León FR queda configurada do seguinte modo:

Motor/P.V.P.
2.0 TFSI de 200 CV
24.295 euros
2.0 TFSI de 200 CV DSG
25.672 euros
2.0 TDI de 170 CV
24.695 euros

JR oterocaritón
RECAMBIOS DEL AUTOMÓVIL • MAQUINARIA DE AUTOMOCIÓN • PINTURAS EN GENERAL
Polígono Industrial del Tambre - Vía Edison, 30
T 981 958 340 (8 líneas) - 981 958 342 (Pintura) Fax 981 958 341
15890 SANTIAGO DE COMPOSTELA
www.oterocariton.com

STAR
SERVICIO TÉCNICO AUTOREPARACIÓN
TALLERES DEL AUTOMÓVIL

Ducati Desmosedici RR

Unha auténtica moto GP

Dende os cambios de regulamento en 2002, que permitían os motores de 4 tempos na categoría raíña do motociclismo, a presenza de Ducati nos grandes premios co seu proxecto "Desmosedici" foi impactante. Realizou uns progresos inmensos que a poñen á par, no mundo da alta competición, dos xigantes xaponeses.

Sendo o número un indiscutible nas superbikes, Ducati aceptou o reto de entrar con forza na categoría de Moto GP. Conseguiu a súa primeira vitoria en Barcelona 2003 coa súa GP3 pilotada por Loris Capirosi.

Ray Mosquera
TEXTO E FOTOS

En 2005, na súa terceira temporada e con pneumáticos Brigestone, logrou dúas vitorias en Motegi e Sepang facéndose ver como sera candidata ó título en 2006. Imposible empezar mellor. Coa vitoria no gran premio inaugural en Jerez, volvía a mostrala súa altísima calidade e se mostrábase como firme contendente. Pero os problemas de lesións e accidentes frustraron os seus plans; aínda así, finalizou a temporada con dúas vitorias en Valencia e acabou cun altísimo nivel e dando un aviso do que pode pasar o ano que vén.

Agora as variacións do regulamento fan que as motos GP teñan que diminuí-la súa cilindrada, o que dá lugar a un feito sen precedentes: o lanzamento dunha verdadeira réplica de moto GP de 1000 c.c. para rúa. A Ducati Desmosedici RR. O soño dunha auténtica Moto GP para rúa faise realidade. Estará dispoñible a partir de xullo de 2007 e os concesionarios da marca xa aceptan encargos.

A Desmosedici RR está inspirada no último modelo de Ducati Corse, a GP6, o que confirma a exclusividade e alta tecnoloxía desta máquina. Os materiais a tecnoloxía e o motor desmodrómico de catro cilindros montado por Borgo Paniale, enxeñeiro da fábrica, fan deste modelo unha excentricidade exótica onde as haxa.

O proxecto está xa en fase comercial e, como adiantou Ducati, será unha produción limitada de 400 unidades por ano. Vaise dar prioridade de compra a actuais donos da 999R.

O traspaso de fronteiras por parte de Ducati con este proxecto demostra a coraxe e paixón da marca por dotalas súas máquinas de rúa con verdadeiros elementos tecnolóxicos do mundo da competición.

A Desmosedici RR é unha verdadeira máquina de competición transformada nunha motocicleta apta para a rúa, con máis de 200 CV e compoñentes exclusivísimos. Os de Ducati quedan sós e xa son un novo referente para os demais.

A tradicional distribución desmodrónica de Ducati é parte esencial do propulsor de 989 cc que monta a RR; con catro válvulas de titanio por cilindro en configuración asimétrica e con inxectores de 50 mm de Magneti Marrelli, que dan lugar a esta obra mestra da enxeñería.

Esta copia auténtica do motor de Moto GP vese completada coa transmisión procedente da mesma moto, cun cambio de seis velocidades tipo "casete" e embrague hidráulico, con discos en seco.

O escape, un 4,2 en 1, ten saída vertical e vai aloxado debaixo do colín. A potencia de máis de 200 CV pódese incrementar cunha CPU e un silencioso de 103 db destinados á competición.

Aínda que o motor representa o verdadeiro corazón deste aparato, o chasis non queda atrás. O tradicional chasis tubular de Ducati, coa mesma xeometría de gran premio, vai acompañado por carenados en fibra de carbono e un cadro de instrumentos que será o que monte a GP7 de Moto GP para a temporada que vén.

No apartado de suspensións, tamén se buscou a excelencia nos compoñentes. Tanto o amortecedor traseiro (Ohlins) coma o basculante de aluminio son derivados da GP6 e a suspensión dianteira, tamén de Ohlins, é unha forquilla invertida con barras de 43 mm totalmente axustable en precarga, resorte e compresión.

Quen dá máis? Polo de agora parece que ninguén. Esta Super Moto, destinada a pilotos expertos, podentes e "xente de bo vivir"... custará o arrepío de 60.000 euros, pero o que hoxe parece un prezo alto poderá ser sen dúbida un investimento para mañá.

Ficha técnica

Cilindrada .....989 cc
Potencia .....Máis de 200 CV
Número de cilindros.....4
Embrague.....Multidisco en seco
Caixa de cambios.....6 marchas
Chasis .....Tipo tubular
Suspensión dianteira .....Ohlins invertida de 43 mm
Suspensión traseira .....Ohlins
Freos .....Diante Brembo radial 4 pistóns 34mm disco de 320mm .....Detrás un disco de Ø 240 mm con pinza radial de 2 pistóns de 34 mm
Lamias .....Marchesisni de fundición de aliaxe lixeira
Pneumáticos .....Brigestone
Dimensións e peso .....Non dispoñible

TEXTO: Ray Mosquera
FOTOS: Sprint Motor

Novo Opel Corsa

Cuarta Xeración

Cuarto Éxito

Dende o seu lanzamento en 1982, vendéronse en Europa máis de 9,4 millóns de unidades de Corsa. Con máis de 25 anos de existencia, o supervendas de Opel fabricarase na Planta de Figueruelas, en Zaragoza.

Tanto a versión de tres portas, como a de cinco puxéronse á venda nos distribuidores de toda Europa este outono e agárdase que volva a conquista-lo cume do seu segmento. A deportiva carrozaría de tres portas ten un aspecto xuvenil e deportivo e herda uns elementos gráficos das ventás laterais que recordan ó Astra GTC. As pronunciadas aletas sobre as rodas traseiras destacan a poderosa imaxe deportiva do novo Corsa. O modelo de cinco portas, máis orientado á familia, dispón dun espazo adicional para a cabeza, e a visibilidade para os pasaxeiros das prazas traseiras é maior. O deseño interior está feito con materiais de alta calidade. Os botóns xiratorios para o control da climatización, a radio e as luces teñen retroiluminación, deste xeito conséguese un ambiente cálido e agradable.

Polo de agora o novo Corsa estará dispoñible con tres motores ECOTEC de gasolina e dous turbodiésel. Ofrecen unha potencia de entre 60 e 90 CV. Máis adiante vaise incorporar como tope de gamma un novo motor 1.7 CDTI con 125 CV. A última xeración de Corsa incorporará os sistemas ABS e ESP. O ABS deste novo modelo inclúe distribución electrónica da forza da freada, control de freos en curvas e control de estabilidade en liña recta. Como primicia neste segmento, este urbano ofrece opcionalmente o sistema de luz de curva.

O Corsa está dispoñible en catro acabados, con diferentes tapizarías e materiais, así como diferentes paquetes de equipamento. O que dá lugar a múltiples combinacións para personaliza-lo coche. Outro detalle que cómpre destacar é que os axustes individuais se poden gardar na chave do automóbil.

Impresións:

Probamos ámbalas versións: diésel e gasolina. Poderiamos cualificalas de homoxéneas. As dúas van moi ben e a bo seguro que farán as delicias daqueles que gustan de ter unha importante marxe de seguridade. A excelente estabilidade lograda co novo chasis increméntase co seu novo sistema direccional. Cando lle esiximos, combinando todo tipo de rutas que incluían autovía, estrada nacional e porto de montaña, o vehículo nos sorprendéunos pola súa estabilidade. Outro elemento destacable son os freos, que se revelaron como moi eficaces. En canto ó propulsor, a súa resposta é moi constante, o tacto do acelerador transmite unhas boas sensacións e mellorou de forma notable no apartado de sonoridade respecto ó seu antecesor.

Dentro da súa categoría o Corsa é do mellor que probamos esta temporada; un digno competidor na súa clase, cun competitivo prezo.

XXXIV Rali do Lacón

Estar aí

Meira e Bañobre obtiveron unha vitoria inesperada, pero non por iso inmerecida

Moitas veces quedou claro que nos ralis nunca hai nada escrito e que ata o derradeiro metro todo é posible. Non foi necesario que na sétima manga do galego, o recuperado Lacón sobre o asfalto do Carballiño e aledaños, a vitoria se decidira deste xeito, pero si que nos postrímeros compases.

Loitando contra novos valores Paz foi quen de rematar segundo

Texto: Miguel Cumbraos
Fotos: Miguel C. e Sprint Motor

Ausente na cita anterior Senra, habendo cedido as honras de campión a Bamarti, deixou claro que quería a vitoria. Esta era a súa se a caixa de cambios do seu 306 non cedera na última especial do rali, no segundo paso por Cabanelas. Unha antes, o xa propietario do título galego tamén dixera adeus, vítima dunha forte saída de vía. Rápido e constante, Alberto Meira soubo aproveitala súa ocasión para vencer, lidera-lo grupo N e decidir quen loitará ata o final por se-lo mellor entre os de serie no galego.

Varias voltas vencedor nesta carreira, por certo sen celebrar dende o 2001, o local Paz correu e moito. Foi segundo, a escasa distancia da cabeza, e tan só uns ulteriores problemas coa caixa impedíronlle loitar polo triunfo. Tralo seu Lancer, outro Mitsu, este o de Chelis Gómez, que xamais pensaría ser terceiro tras ceder tempo na matinal por culpa dun furazo.

Rey foi de novo o máis veloz no Volante RACC

Polos pelos o M3 de Magariños fíxose co grupo X

Tamén nos intres finais fixouse a cuarta praza e a primacía do X, en poder de Magariños (BMW M3) que superou a Carracedo (GT Turbo) por milésimas. Nun día con constantes inclemencias meteorolóxicas, en forma de chuvia abundante e vento, Pablo Rey volveu a se-lo mellor no Volante RACC, coma fixeron Adrián Díaz e José Luis Castro nas promocións Driver e Autopark respectivamente. Suliña-los abandonos de Vilariño, cando achuchaba a Senra no primeiro bucle, Marco Fernández, estreando o Punto ex Entrecanales, e Toño Villar, o de Bandeira cun Escort WRC ex Franco Cunico eiquí en funcións de coche "0".

XXVIII Rali Cidade de Lugo

Cor laranxa

No terreo climatolóxico foi un día de outono con choiva, vento e frío, complementos na xornada de desenvolvemento do único rali que se disputa na provincia de Lugo, á súa vez oitava cita do galego da modalidade. Pero no apartado estritamente deportivo, o desenlace pintouse cunha soa tonalidade, visto o que aconteceu nas nove especiais contra o reloxo.

Os irmáns Burgo obtiveron unha moi doada vitoria

Temporada de menos a máis para Chelis Gómez, campión galego entre os de serie

Miguel Cumbraos
TEXTO E FOTOS

Laranxa, principal cor do Mitsubishi dos irmáns Burgo que lideraron dende o inicio sen atopar atrancos para obter unha doada vitoria, foi a cor do Rali Cidade de Lugo. Terceira na temporada galega actual, e terceira igualmente na carreira de casa, sendo os únicos locais en vence-la nos vinteoito anos de historia da popular carreira da escudaría Miño-Lugo.

Máis emoción houbo, sen xénero de dúbidas, na pelexa polo segundo lugar. Empezou sendo propiedade de Alberto Meira, pero dous trompos retrasárono, para posteriormente abandonar por accidente na antepenúltima especial. Entón, é dicir no terceiro treito do día, o agardado Porsche dos irmáns Vallejo fíxose con ela, resgardándoa dos ataques de Vilariño, que foi finalmente terceiro co seu Clio.

Nun rali no que descubría un S1600, outro lucense, Roberto Méndez, foi cuarto, por diante de Chelis Gómez, que se fixo co título galego de grupo N. Pablo Rey liderou o Volante RACC, pero non puido evitar que Víctor Senra se fixese co título nesta nova promoción. Outro que sentenciou no delicado asfalto lucense foi Martínez Carracedo, que grazas ó seu segundo posto na súa categoría se proclamou campión galego de grupo X. Outro que sentenciou en Lugo foi José Luis Castro, que xa ten no seu poder o Trofeo Autopark, quedando para Santiago o Driver, que neste rali venceu Adrián Díaz.

Estreando un novidoso Porsche, Sergio e Diego Vallejo foron capaces de rematar segundos

O GT Turbo de Carracedo deulle o título galego de grupo X

ASEGAL ASESORES

❍ Fiscal
❍ Administrativo
❍ Mercantil
❍ Laboral
❍ Subvencións
❍ Familia

Telefóno: 981 80 73 01 • Cacheiras s/n, 1ºA • Teo (A Coruña)

ASEGAL ASESORES

Educando en Galicia
as galegas e os galegos
do século XXI

galescola
rede galega de escolas infantís

29 millóns de euros de investimento e 990 novos postos de traballo
99 novas escolas públicas espalladas por todo o país
5.490 novas prazas para nenos e nenas de 0 a 3 anos

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA
DA IGUALDADE E DO BENESTAR

Dono do seu futuro

Roubando as palabras da autobiografía de Alain Prost, Maître de mon destin, resulta máis doado reflectir as tensións vividas por Fernando Alonso en Renault. Cinco anos de relación, dous títulos de piloto e dous de construtores poden dar para pensar que existen máis puntos de contacto entre Alonso e o catro veces campión francés. De momento, como mínimo posúe tantos títulos coma JimClark e un menos ca AyrtonSenna.

Ramón Novo
SPRINT MOTOR

Desde que en decembro do 2005 Fernando anunciou que ía correr para McLaren a partir do 2007, deuse en latricar do comportamento ético de Renault co piloto asturiano de cara a revalidaren xuntos os dous títulos. O traspaso estivo envolto en dous feitos singulares; por un lado adiantábase á decisión de Schumacher, emprazada ata Monza (setembro do 2006), de revelar o final ou a continuidade dos seus días na fórmula 1; e por outro, colleu nas verzas ó seu mánager Flavio Briatore, inimigo declarado de Ron Dennis, o patrón de West McLaren Mercedes. FernandoAlonso deixou a súa marca nesta decisión tan estritamente persoal, xa que non esperou a que o seu futuro o ditasen nin o dominó de Schumacher nin o goberneiro de Briatore. Pero algún motivo máis debeu de haber para darlle as costas ó equipo que primeiro lle tendeu a man desde que ensinara o seu potencial.

A pesar de Renault

As primeiras asperezas xurdiron o ano 2002 en que Briatore o reservou como piloto probador a que roese corda sen poder competir para non malealo tan noviño coas tentacións embriagadoras da F1, para non espetarse contra o dominio de Schumacher - Ferrari e para que se fartase en silencio de ganas de ganar. Nunca se vai saber se foi mellor así, por máis que algunhas voces insinuaran que desde esas Fernando lla tiña xurada a Flavio. Xa sendo piloto, non se resistiu a mostrarse disconforme co equipo en decisións estratéxicas torpes, nin a deixar caer que estaba canso de ter que demostrar seguido a xerarquía de pilotos dentro do equipo, primeiro con Trulli e despois con Fisichella. A estabilidade do campión en curso viñérona turbar finalmente as reservas expresadas polo pragmático presidente de Renault nomeado de pouco, Carlos Ghosn, respecto da continuidade do equipo na fórmula 1. Tales incertezas na cúpula do grupo francés sobre o seu futuro na máxima competición automobilística mundial, enfrontadas á solvencia de McLaren e ás connotacións do seu motorista Mercedes puideron ser factores determinantes. Tamén, como di Lauda, "é típico dos campións desexar experiencias novas; é unha cuestión de estímulos, de desafíos". Fíxoo Schumacher cando abandonou Benetton, Piquet renunciou un día á Brabham da súa vida, Lauda acabou deixando Ferrari, Fittipaldi emigrou primeiro de Lotus e despois de McLaren, ata GrahamHill un día arrancou da BRM, e incluso Fangio non estaba a gusto en Ferrari e colleu vía.

A pesar de Alonso

Acabouse demostrando que o equipo todo arreou honestamente na mesma dirección, por máis que se deran situacións insólitas nun universo en que a linguaxe se expresa en milésimas de segundo: en Malaisia un erro de cálculo na carga do combustible pexou o coche número 1 na fase de cualificación; en Hungría o encargado dunha pistola non atina ben no espárrago e deixa saír o coche coa roda medio solta ata que na segunda curva parte o palier; na China, a tres carreiras do final e con Schumacher detrás da caluga, vólvese atrancar un pistoleiro do mesmo lado e atrasa a repostaxe máis do normal. Fóra destes imponderables, o R26 portouse e as planificacións estratéxicas foron realistas, xa que axustaron o potencial do auto ó perfil das pistas e non lles caeron os pantalóns ante o acoso final dos Ferrari. É seguro que non resultaría igual sen o sentimento de equipo e as cabezas de Bob Bell, Pat Symonds, Denis Chevrier e Flavio Briatore.

Mercar un automóbil

Gasóleo ou gasolina? (e II)

Félix Doce
TEXTO

Maior valor de revenda

Outro aspecto a ter en conta é que, segundo os especialistas, no mercado de segunda man un vehículo con motor diésel de inxección depréciase un 5% menos que o seu equivalente de gasolina. Outro dato: non é difícil conseguir o 50% do prezo orixinal por un diésel de catro ou cinco anos. Cómprase máis caro pero se pode vender tamén máis caro. Sen embargo, trala aparición dos motores turbodiésel de inxección, a cotización dos diésel antigos descendeu.

Mantemento e avarías

O custo de mantemento dun coche ven marcado pola periodicidade das revisións, que fixará o fabricante, e pola frecuencia e tipo dos cambios de pezas e o coste de estas. Os motores de gasóleo son máis resistentes que os de gasolina (duran máis quilómetros en boas condicións de uso) e o seu mantemento resulta algo máis barato, debido a que, segundo confirman especialistas e profesionais, os diésel sufren menos avarías. Pero os arreglos nos motores de gasóleo son máis caros, debido o maior prezo das pezas de recambio e ó maior tempo de mano de obra para a reparación, que se incrementa pola complexidade da mecánica dos motores de gasóleo. Cada marca e modelo propón o seu propio quilometraxe para as revisións (desde cada 5.000 ata cada 15.000 quilómetros) e incluso o aceite de recambio a usar, que pode ter prezos ben distintos.



Hai que facer contas

Unha boa fórmula para comprobar se nos interesa comprar un diésel é contrastar as diferencias dun mesmo modelo alimentado polos dous tipos de motores. Elixamos un dos coches máis vendidos en España, o Citroën Xsara. A versión de gasolina 1.6i SX, de 110 CV de potencia, custa aprox.15.000 euros e consume unha media homologada de 6,9 litros cada 100 km. A versión diésel máis equiparable é o 2.0 HDi de 90 CV, cun consumo medio de 5,4 litros e que custa aproximadamente 17.000 euros.

É dicir, o diésel custa 2.000 euros máis, as prestacións son similares e o seu consumo é 1,5 litros menor cada 100 km que o de gasolina, se ben, circulando por cidade a diferencia é aínda maior.

Considerando, polo tanto, a diferencia de prezo entre a gasolina e o gasóleo e o consumo de ambos modelos, serán necesarios entre 150.000 e 180.000 quilómetros para rentabilizar a diferenza de prezo. Esta cifra, traducida en anos segundo a media de quilometraxe do noso país (15.000 km ó ano), revela que deberiamos usar o coche entre 10 e 13 anos para amortizar o sobrecuste do diésel. Recoméndase optar por un diésel se se superan os 20.000 quilómetros ó ano e incluso con menos, se se usa o coche ata o final da súa vida útil en boas condicións.

De tódolos xeitos, antes de sacar contas debemos comparar os custos entre as versións de gasolina e diésel do modelo que nos interesa e doutros doutras marcas. O mundo do automóbil é moi cambiante, e os prezos varían moito. Hai que aproveitar as ocasións e as ofertas, xa que nesta decisión xogámonos demasiados cartos como para improvisar.

PREZOS DE COCHES NOVOS

Brea

AUDI A3	desde	21.980 €
AUDI A3 Sportback	desde	22.830 €
AUDI A4	desde	28.370 €
AUDI A4 Avant	desde	29.670 €
AUDI CABRIO	desde	37.000 €
AUDI TT Roadster	desde	33.460 €
AUDI TT Coup	desde	30.680 €
AUDI A6 (Nuevo)	desde	36.110 €
AUDI A6 Avant	desde	38.480 €
AUDI Q7	desde	54.860 €
AUDI A8	desde	70.080 €

Brea Hervés
Tu concesionario Audi en Santiago
www.grupo-brea.com - e-mail:ventas@breahervés.audi.es
TEL. 981 56 97 00

Brea

IBIZA	desde	11.535 €
CORDOBA	desde	12.755 €
LEON	desde	16.290 €
ALTEA	desde	16.420 €
TOLEDO	desde	18.995 €
ALHAMBRA	desde	23.710 €

Brea Motor
Tu concesionario Seat en Santiago
www.grupo-brea.com - e-mail:comercial@breamotor.seat.es
TEL. 981 55 26 00

Brea

FABIA	desde	11.130 €
FABIA COMBI	desde	13.100 €
FABIA SEDÁN	desde	13.100 €
OCTAVIA TRADITION	desde	15.950 €
NUEVO OCTAVIA	desde	17.080 €
OCTAVIA COMBI	desde	20.760 €
SUPERB	desde	22.140 €

Brea Automoción
Tu concesionario Skoda en Santiago
www.grupo-brea.com - e-mail: ventas@breautomocion.skoda.es
TEL. 981 51 97 37

O consello da semana

Adecúe a velocidade do seu vehículo ás condicións da vía e á densidade do tráfico, sen esquece-lo límite legal permitido.

NESTA PÁXINA ATOPARÁ OS MELLORES PREZOS DO MERCADO DO AUTOMÓBIL

Brea
Nuevo Passat

FOX	desde	10.667 €
POLO	desde	11.497 €
GOLF	desde	15.240 €
GOLF PLUS	desde	19.140 €
BEETLE	desde	20.123 €
BEETLE CABRIO	desde	24.557 €
JETTA	desde	19.530 €
PASSAT	desde	21.600 €
PASSAT VARIANT	desde	22.485 €
PHAETON	desde	66.797 €
TOURAN	desde	21.455 €
SHARAN	desde	29.635 €
TOUAREG	desde	44.480 €

Brea Hervés
VOLKSWAGEN Tu concesionario Volkswagen en Santiago
www.grupo-brea.com - e-mail:ventas@breahervés.vw-es.com
VIA ISAAC PERAL, 8-10. POLÍGONO DEL TAMBRE - 15890 SANTIAGO
TEL. 981 55 29 00

Alfa Romeo

Modelo		Prezo
147	desde	15.000
156 CROSSW	desde	30.250
159	desde	24.850
166 JTD	desde	37.850
GT	desde	23.950
BRERA	desde	32.250

Alfa Romeo

APV Motor
Avda. Rosalía de Castro (Milladoiro)
Teo - Santiago
Teléfono 981 53 40 57

A ACTUALIDADE DO MOTOR

Tódolos dereitos reservados. Esta publicación non pode ser reproducida ou rexistrada por ningún medio mecánico ou electrónico sen o permiso previo, e por escrito, da Editorial.

Redacción e administración:
URBANIZACIÓN SAN SADURNIÑO, RÚA B, Nº 21
TEO (A CORUÑA).
Teléfono 981 801 458

Sprint MOTOR

Ollo¡ caudalímetros de xoguete Ollo¡

Os fabricantes de caudalímetros acaban de da-la voz de alarma ós talleres e usuarios do automóbil en xeral sobre a proliferación no mercado, durante as últimas semanas, de medidores de masa -caudalímetros- falsificados, que poden producir danos irreparables no motor do vehículo.

As falsificacións detectadas, probablemente fabricadas en China, recoñécense doadamente a simple vista por ir embaladas nunha cartonaxe branca, non levar estampado o logotipo nin a marca dun fabricante de prestixio, nin o ano de fabricación, aínda que polo aspecto externo da súa carcasa ben podería facerse pasar por un caudalímetro orixinal. Outras irregularidades, máis difíciles de detectar para os non profesionais, afectan á mesma tecnoloxía do sensor. Bosch, por exemplo, utiliza na súa construción compoñentes en tecnoloxía híbrida/microelectrónica, mentres que nas imitacións esta avanzada tecnoloxía foi substituída por un simple circuíto eléctrico.

As consecuencias técnicas que pode chegar a provocar un caudalímetro danado ou que non fose fabricado baixo os estándares de calidade necesarios, ou incluso, a aplicación incorrecta dun determinado tipo nun motor concreto, pode chegar a orixinar deficiencias importantes no vehículo como perdas de potencia do par motor; incremento do consumo de combustible de ata un 20% ou desviación da curva de masa de aire ata un 40%. Ademais, poderíanse producir danos na xestión do propulsor e no catalizador, aumentando as emisións contaminantes e impedindo supera-la ITV. Estes produtos non estarían en ningún caso cubertos pola garantía que ampara ós produtos orixinais, polo que no caso de provocarse algún problema técnico, os gastos ocasionados serían sempre por conta do taller ou do propietario do vehículo.

Fiat Stilo.
Si buscas deportividad, éste es tu precio.

Este verano,
no dejes pasar la oportunidad.

Todos los Fiat Stilo por
4.000€ menos

- Empieza a pagar en enero de 2007.
- Gama Stilo desde 9.950€.
- Aire acondicionado.
- Radio CD.

FIAT

902 30 30 32 / www.fiat.es

NOYASTAR, S.L.
Concesionario Oficial
Exposición e taller:
Vía Edison, 3 - P.I. do Tambre
Tel. 981 57 77 78 - Santiago.

HYUNDAI CONCESIONARIO OFICIAL

XACOBEO MOTOR, S.L.

GETZ 1.5 CRDI GL 5P 88 CV	**DICIEMBRE 2005**	**KM 0**	**10.500**
TUCSON 2.0 CRDI STYLE 112 CV	DICIEMBRE 2005	KM 0	22.500
SANTA FE 2.0 CRDI 4X4 112 CV	**DICIEMBRE 2004**		**19.000**
ACCENT 1.5 GLS 5P 102 CV	AÑO 2004		7.000
SANTA FE 2.0 CRDI 4X4 COMFORT 125 CV	**AÑO 2006**	**KM 0**	**24.500**

>> Exclusivos Vehículos de Flota <<

Teléfonos: 981 56 96 32 - 981 56 96 30 – Boisaca - SANTIAGO